

CRITERIOS DE CORRECCIÓN E CUALIFICACIÓN

PREGUNTAS		CRITERIOS DE CORRECCIÓN	CUALIFICACIÓN MÁXIMA
PREGUNTA 1 (4 puntos)	1.1 (1,75 puntos)	Resumir o contido do texto: —A saúde na infancia e na adolescencia agravouse nos últimos anos e este feito preocupa a familias e docentes. —As consellerías de Educación e Sanidade estableceron un protocolo contra o risco suicida nas persoas menores. —O alto emprego das redes sociais, de internet e dos móbiles favorece, segundo o experto Antonio Rial, a adicción dos adolescentes a estas realidades, o que provoca graves problemas emocionais e de convivencia, entre eles o ciberacoso. —Segundo a OMS, o ciberacoso quintuplica as taxas de depresión e suicidio entre a mocidade. —Rial advirte de dous problemas fundamentais: o emprego intensivo e sen supervisión da tecnoloxía en idades moi temperás e a falta dunha educación responsable no seu uso. —Estas problemáticas adoitan ser detectadas polas familias só cando os menores baixan o seu rendemento escolar. —En materia de ciberacoso calquera pode ser vítima e tamén agresor. Identificar as ideas principais que presenta: —O ciberacoso medrou nos últimos anos entre as persoas máis novas, provocando un significativo aumento de depresións e suicidios. —As consellerías de Educación e Sanidade estableceron un protocolo para prever estas problemáticas. —É preciso un uso moderado e responsable das novas tecnoloxías e unha educación dixital axeitada para a mellora da situación. Indicar a súa estrutura: —Introdución ou primeira parte: correspóndese co primeiro parágrafo, onde se anuncia a temática a tratar e se dá noticia da medida tomada polas consellerías. —Corpo de argumentación ou segunda parte: correspóndese co núcleo argumentativo do texto, que iría dende o segundo parágrafo ata o penúltimo, onde se ofrecen datos e testemuños que defenden as teses sobre o tema tratado. —Conclusión ou terceira parte: correspóndese co último parágrafo, no que se dá remate ao texto cunha idea forza conclusiva: o tema tratado é un fenómeno global no que calquera pode chegar a estar implicado.	1,5
		Evitar na redacción a paráfrase excesiva do texto e o abuso da reiteración textual das secuencias do mesmo.	0,25

	1.2 (1,5 puntos)	Identificar e explicar a tipoloxía textual á que pertence o escrito: é un texto expositivo-argumentativo, pois a súa principal finalidade é convencer das tese que expón mediante o emprego de diversos argumentos.	0,75
		Xustificar a adscripción á tipoloxía textual servíndose de, como mínimo, tres exemplos extraídos do texto: conectores explicativos, terminoloxía específica, modalidade enunciativa, argumentos causa-efecto, substantivos abstractos....	0,75
	(0,75 puntos)	Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adecuación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical), servíndose dun léxico adecuado e preciso e observando a extensión recomendada para as respostas.	0,75
PREGUNTA 2 (1,5 puntos; lémbrese que debe escollerse unicamente unha opción para responder das dúas posibles)	2.1. (1,25 puntos)	Determinar a que fonema corresponde (nasal alveolar ou nasal velar) o grafema <n> das palabras que aparecen no texto en letra grosa: unha (velar); menos (alveolar); novas (alveolar); impiden (nasal); antes (alveolar).	0,75
		Engadir un antónimo de cada unha das palabras: unha ≠ ningunha; menos ≠ máis; novas ≠ vellas; impiden ≠ favorecen; antes ≠ despois.	0,5
	2.2. (1,25 puntos)	Identificar función sintáctica que desempeñan na súa cláusula ou oración as cinco unidades que aparecen subliñadas no texto: as consellerías de Educación e Sanidade (suxeito); sen supervisión (complemento circunstancial de modo); o momento de maior risco como ferramenta de acoso entre iguais (complemento ou obxecto directo); máis silente (atributo); de que hai dous problemas fundamentais (complemento suplemento ou de réxime).	1,25
	(0,25 puntos)	Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adecuación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical) e servíndose dun léxico adecuado e preciso.	0,25
PREGUNTA 3 (1,5 puntos; lémbrese que debe escollerse unicamente unha opción para responder das dúas posibles)	3.1. (1,25 puntos)	Redactar un texto de opinión centrado na importancia do galego como lingua propia e no necesario rexeitamento dos prexuizos e estereotipos lingüísticos que impiden a súa positiva consideración: —Breve introdución: valor dos idiomas como vehículo cultural diferencial das comunidades e necesario respecto por estes. —Corpo de argumentación: importancia do galego como realidade histórica e como idioma propio herdado. Consideración legal como lingua cooficial na nosa comunidade autónoma. Rexeitamento de calquera prexuízo ou estereotipo que pexe o galego, especialmente aqueles que alimentan a situación diglósica deste respecto do castelán. —Conclusión: síntese do argumentado e defensa do galego como idioma propio libre de prexuizos e estereotipos lingüísticos.	1
		Empregar na redacción do texto terminoloxía sociolingüística especializada e axeitada aos argumentos sostidos.	0,25

	3.2. (1,25 puntos)	Redactar un texto de opinión centrado na riqueza cultural, social, histórica e patrimonial que supón a diversidade de idiomas existentes na Península Ibérica: —Breve introdución: constatación da realidade plurilingüe da Península Ibérica e indicación dos idiomas nela existentes. —Corpo de argumentación: riqueza do plurilingüísimo como vehículo de expresión cultural; necesaria preservación do legado histórico que os idiomas supoñen; valor patrimonial e inmaterial representado polas linguas propias; cumprimento das lexislacións estatais e autonómicas que referendan a convivencia e diversidade lingüísticas. —Conclusión: síntese do argumentado e defensa da diversidade lingüística na Península Ibérica.	1
		Empregar na redacción do texto terminoloxía sociolingüística especializada e axeitada aos argumentos sostidos.	0,25
	(0,25 puntos)	Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adequación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical) e servíndose dun léxico adecuado e preciso.	0,25
PREGUNTA 4 (3 puntos; lémbrese que debe escollerse unicamente unha opción para responder das dúas posibles)	3.1 (2,25 puntos)	Relacionar o poema, brevemente, co resto da produción do autor e coa poesía do seu tempo.	0,5
		Determinar o tema central do poema, xustificándoo a partir de exemplos tirados del: contemplación melancólica dos vagarosos solpores dunha vila.	0,75
		Sinalar as principais figuras literarias empregadas no poema: preguntas retóricas, reiteracións, metáforas; estruturas paralelas.	1
	3.2 (2,25 puntos)	Relacionar o texto, brevemente, co movemento literario da Nova Narrativa e co resto da produción da autora.	0,5
		Determinar o tema central do texto xustificándoo a partir de exemplos tirados del: descrición da cidade e do seu contraste de barrios e xentes ricas e pobres.	0,75
		Sinalar a estrutura do texto e o tratamento que nel se dá do espazo: estrutura circular que comeza describindo nun primeiro bloque o despertar das xentes nas cidades (primeiro parágrafo), nun segundo bloque, central, o contraste de espazos e xentes e, no bloque final, novamente o amencer da cidade entre os máis desfavorecidos (parte final do último parágrafo). Canto ao espazo, hai tamén unha presentación contrastiva: espazos coidados e belos/ espazos descoidados e míseros, lugares para ricos/ lugares para pobres.	1
	(0,75 puntos)	Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adequación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical) e servíndose dun léxico adecuado e preciso.	0,75

Consonte o disposto no apartado décimo do artigo 13 sobre as características básicas dos exercicios da proba de acceso á Universidade (PAU) do Real Decreto 534/2024 (BOE do 12 de xuño de 2024), no que se refire á corrección relativa á coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos elaborados así como á súa presentación, e segundo o acordo adoptado no ámbito da Conferencia de Rectores y Rectoras de las Universidades Españolas (CRUE), a puntuación que se outorgará para estes efectos nas materias de linguas cooficiais (Lingua Galega e Literatura II, Lengua Castellana y Literatura II, Llengua Catalana i Literatura II, Euskal Hizkuntza eta Literatura II, Euskara eta Literatura II, Valencià: Llengua i Literatura II) será do 20% do total da proba.

No Decreto 157/2022 (DOG do 26 de setembro de 2022), polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, aparece como obxectivo 5 para a materia de “Lingua Galega e Literatura II” o seguinte “Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas”, polo que en cada pregunta este obxectivo terá unha cualificación específica, de xeito que a suma desta valoración no conxunto de todas as preguntas da proba represente o 20% da cualificación total desta.

Máis aínda, no acordo de CRUE antes mencionado tamén aparece a seguinte anotación: “Naqueles territorios con linguas cooficiais, recoméndase ter en conta esta realidade á hora de definir os criterios específicos de corrección”. Xa que logo, en cada pregunta haberá unha valoración específica para ese apartado. Esta valoración só será de aplicación no caso de que a alumna/o teña un mínimo de resposta correcta nas outras partes da rúbrica da pregunta que se estea a valorar. Fíxase ese mínimo nun 20% da cualificación, polo que se a alumna/o non chega a ese mínimo na valoración da pregunta non se aplicará esta parte da rúbrica, outorgando un valor de 0 puntos por este apartado.

Finalmente, cómpre sinalar que os cambios na estrutura da presente proba con respecto á dos cursos anteriores (distinta puntuación para cada pregunta) derivan da asunción do acordo establecido no seo da CRUE polo que os territorios con linguas autonómicas (Galicia, Catalunya, Illes Balears, Euskadi, Nafarroa e Comunitat Valenciana) se comprometen á elaboración de probas cunha estrutura común respecto dos bloques de contidos e do peso na cualificación de cada un deles.